

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 19 DE MAIO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

PROXECTO DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Proxecto de Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Proxecto de Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Meaño, do treito antigo da estrada provincial EP-9306 Covas-Padrenda.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se toma razón da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para o Programa de modernización do comercio: Fondo tecnolóxico, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023, por importe de tres millóns oitocentos mil euros (3.800.000,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón do balance da Resolución do 20 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria do procedemento de concesión de subvencións para proxectos de mellora enerxética, dirixido a autónomos e pemes do sector servizos (programa Bono Enerxía Peme). Anualidade 2023.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a exención de garantías e a concesión de anticipos ata o 100% do importe das subvencións que se concedan ao abeiro da Orde da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a entidades deportivas para a construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas, e se procede á súa convocatoria para os anos 2023 e 2024, por importe dun millón douscentos noventa e tres mil setenta e cinco euros con trinta e nove céntimos (1.293.075,39 €).
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das bolsas ao abeiro da Orde da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2023, por un importe total de cento oito mil setecentos oitenta e dous euros con corenta e oito céntimos (108.782,48 €), así como a superación do límite do 80% da porcentaxe subvencionada, establecido no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8/ de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia para os pagamentos á conta.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gastos plurianuais derivados da Resolución pola que se amplía a dotación orzamentaria da convocatoria das axudas do bono de alugueiro social para os exercicios 2023 e 2024, polo importe de dous millóns oitocentos cincuenta e seis mil oitocentos vinte e dous euros (2.856.822,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Asociación Clúster da Función Loxística de Galicia para o impulso do Corredor Atlántico Noroeste e colaboración na posta en marcha da Estratexia loxística de Galicia, por importe de cento corenta mil euros (140.000,00 €) e a exención da obriga de constitución de garantía para a realización de pagamentos á conta derivados do cumprimento do dito convenio.
- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado de mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG (Rede autonómica de estradas de Galicia) nas rutas de acceso á cidade de Ourense.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, por importe de trescentos noventa e dous mil cincocentos trinta e cinco euros con setenta e oito céntimos (392.535,78 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Lousame para a execución da actuación de construción de rede de saneamento e estación depuradora de augas residuais para os lugares de Devesa, A Silva, Berrimes, Quintáns e Costa. Lousame (A Coruña), por importe dun millón cento oito mil novecientos corenta euros con oitenta e dous céntimos (1.108.940,82 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e Aceasca, Asociación de Apoyo a Personas con Diversidad Intelectual, para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Aceasca, polo importe máximo de cento noventa e un mil trescentos catorce euros con corenta céntimos (191.314,40€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines Amencer-Aspace para a posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade aos CEEPR Amencer-Aspace e ao CEEPR Princesa Letizia, polo importe máximo de cento sesenta e un mil douscentos corenta e tres euros con oito céntimos (161.243,08€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e Amicos, Asociación para a Atención e Integración de Persoas con Discapacidade Intelectual, Autismo Parálise-Dano Cerebral e as súas Familias, para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Amicos, polo importe máximo de cento corenta e oito mil novecentos catro euros con doce céntimos (148.904,12€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e ASCM Ferrolterra, S.L. para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de sesenta e nove mil cincocentos noventa e dous euros con sesenta e seis céntimos (69.592,66€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (Aspace) para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Aspace, polo importe máximo de cento trece mil novecentos oitenta e dous euros con trinta céntimos (113.982,30€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación de Padres de Personas con Trastorno do Espectro Autista (T.E.A.) de la Provincia de A Coruña (Aspanaes) para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade aos CEEPR Aspanaes A Coruña, Aspanaes Duques de Lugo, Aspanaes Ferrol e Aspanaes As Pontes, polo importe máximo de trescentos cincuenta e cinco mil novecentos sete euros con corenta e catro céntimos (355.907,44€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex) para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Aspanaex, polo importe máximo de corenta e cinco mil trescentos vinte e nove euros con corenta e oito céntimos (45.329,48€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga) para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Nuestra Señora de Lourdes, polo importe máximo de oitenta e seis mil cento oitenta e nove euros con trinta e oito céntimos (86.189,38€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación Autismo Ourense para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Ilustre Mestre, polo importe máximo de trinta e tres mil douscentos sesenta e un euros con oito céntimos (33.261,08€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación Autismo Bata para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Bata - Os Mecos, polo importe máximo de catorce mil noventa e cinco euros con oitenta e dous céntimos (14.095,82€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a entidade Hogar y Clínica San Rafael de Vigo para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR HC San Rafael de Vigo, polo importe máximo de cincuenta e catro mil cincocentos trinta e tres euros con oitenta e seis céntimos (54.533,86€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e I-LAB Centro Especial de Empleo, S.L. para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de noventa e sete mil trescentos noventa e oito euros con catro céntimos (97.398,04€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación Nuestra Señora de Chamorro para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Nuestra Señora de Chamorro, polo importe máximo de vinte e dous mil novecentos vinte e catro euros con sesenta e dous céntimos (22.924,62€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Menela para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Menela, radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de noventa e seis mil trescentos catorce euros con dous céntimos (96.314,02€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación San Xerome Emiliani para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR San Xerome Emiliani, radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de noventa e cinco mil setecentos noventa e nove euros con sesenta céntimos (95.799,60€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación Benéfica Social de Padres y Amigos La Esperanza del Valle Miñor para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Juan María, polo importe máximo de sesenta e oito mil sesenta e oito euros con noventa e oito céntimos (68.068,98€).
- Acordo polo que se autoriza a realización de pagamentos anticipados ata o 90% da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Federación Galega de Bandas de Música para o desenvolvemento de actividades de promoción e difusión da música bandística en 2023, por un importe total de cento corenta mil euros (140.000,00€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo para a construción dun novo centro de saúde, feita a título gratuito polo Concello de Noia a favor do Servizo Galego de Saúde.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega de Xestión do Coñecemento en Saúde e o Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A., para a realización de actividades no Centro de tecnoloxías cirúrxicas minimamente invasivas (Tecmeva), por importe de trinta mil euros (30.000 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura e a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Compañía de las Hijas de la Caridad de San Vicente de Paul-Centro asistencial San Pablo y San Lázaro, para o financiamento dos gastos derivados da execución do programa de actividades formativas e de estimulación lúdico-deportivas destinados ás persoas con discapacidade intelectual no exercicio 2023. Importe: cento setenta e tres mil trinta e catro euros (173.034,00€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre as liñas de apoio para a provincia da Coruña vinculadas ao Fondo de Transición Xusta.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o proxecto de decreto de sanidade mortuoria de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO APROBA O ANTEPROXECTO DE LEI DO PATRIMONIO, QUE ACTUALIZA O MARCO LEGAL AXILIZANDO E SIMPLIFICANDO A XESTIÓN DOS BENS E DEREITOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

- A nova norma concentra nun único texto legal as múltiples particularidades que presentan os procedementos patrimoniais, até o de agora dispersos entre a Lei 5/2011, dous decretos e a normativa básica estatal en materia de patrimonio das administracións públicas
- Incorpora modificacións que permiten reducir os tempos de xestión ordinaria neste tipo de actuacións, facilitando a súa consulta e aplicación
- Regula de xeito exhaustivo e nun título específico o procedemento de sucesión legal a favor da Comunidade Autónoma e ordena procesos non regulados até o momento, incrementando a seguridade xurídica
- O impulso deste texto legal dá resposta tamén á necesidade de fixar nunha norma con rango de lei os procedementos administrativos especiais, como son os de natureza patrimonial

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o visto e praxe ao anteproxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, un texto legal que establece o réxime xurídico dos bens e dereitos da titularidade da Administración galega, actualizando o marco legal e regulatorio nesta materia, axilizando e simplificando a xestión patrimonial e, ademais, adaptando a normativa vixente ás modificacións introducidas na lexislación básica estatal.

En concreto, o anteproxecto de lei concentra nun único texto normativo as múltiples peculiaridades que presentan os procedementos patrimoniais –até o de agora dispersos entre a Lei 5/2011, dous decretos que desenvolvían a normativa anterior a esta lei, así como a lexislación básica estatal– e incorpora modificacións que permiten mellorar e reducir os tempos de xestión ordinaria neste tipo de actuacións, facilitando a súa consulta e aplicación e apostando por unha maior eficiencia na tramitación destes procedementos.

Así mesmo, esta nova norma dá resposta á necesidade de regular a través dunha norma legal especial os procedementos que establezan trámites distintos ou adicionais á regulación xeral en materia de procedemento administrativo común.

No que atinxe á súa estrutura, a nova regulación mantén a diferenciación, en dous títulos distintos, dos bens de titularidade pública: os bens demaniais, como aqueles afectos a fins de uso xeral, de servizo público ou os destinados a dependencias administrativas; e os patrimoniais, como aqueles que non cumpren as condicións para

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

seren demaniais, distinguindo, pola súa vez, os bens con vinculación de destino, que teñen natureza patrimonial pero con obriga de destinarse a un fin concreto. No caso dos bens demaniais mantense a mesma regulación e figuras xa previstas, como a afectación, a adscrición e a mutación demanial, así como as autorizacións e concesións. Respecto dos de natureza patrimonial, regúlanse as figuras típicas do dereito privado, como a compra, a venda, o arrendamento, a doazón, a permuta ou a cesión gratuíta, permitíndose a súa aplicación neste tipo de bens.

Sucesión legal a favor da Comunidade Autónoma

Por outra banda, a norma regula dun xeito moi pormenorizado e nun título específico a sucesión legal a favor da Comunidade Autónoma, que ten lugar ante a inexistencia ou renuncia de herdeiros da persoa finada, sempre preferentes ao dereito a herdar da Administración. En concreto, regúlanse as actuacións previas de investigación da posible herdanza, recóllese detalladamente o procedemento para a declaración de herdeira da Comunidade Autónoma e establécese a atribución da competencia para a repartición da masa dispoñible da herdanza ás consellerías competentes en materia de asistencia social e cultura, de acordo co establecido na Lei do dereito civil de Galicia.

Ademais, prevese que, no caso de existencia ou aparición posterior de herdeiros da persoa finada, a Comunidade Autónoma pechará inmediatamente as súas actuacións e, sen prexuízo da asunción dos gastos ocasionados, porá o patrimonio á súa disposición en calquera momento do procedemento de investigación ou liquidación.

Poxas públicas e venda de sobrantes de expropiación

En paralelo, o anteproxecto de lei de patrimonio de Comunidade Autónoma inclúe outras modificacións para a mellora e simplificación de actuacións, como por exemplo nas poxas públicas, a venda de sobrantes de expropiación ou a venda de bens rústicos de pequena contía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A NOVA LEI GALEGA DE IGUALDADE SITUARÁ A GALICIA COMO PRIMEIRA COMUNIDADE EN REGULAR A SUSTENTABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL PARA ACADAR O BENESTAR LABORAL

- Subliña que o obxectivo é “garantir que todos os galegos teñen as mesmas oportunidades” e “evitar calquera discriminación contra as mulleres”
- Resalta que “impulsará o benestar laboral” como “piar para guiar as políticas de emprego e igualdade” ao promover medidas para facilitar “a conciliación, o teletraballo ou a flexibilidade horaria”
- A conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade resalta que grazas a esta Lei, Galicia contará cunha regulación “adaptada aos tempos” e que dea resposta “á nova cultura empresarial” que sigue criterios sociais e busca o benestar das persoas traballadoras
- Crearase o Estatuto das mulleres rurais e do mar, dous colectivos que contarán co seu respectivo Observatorio como órgano colexiado para poñer en valor as súas necesidades e no que se sentará, ademais da Administración galega, o tecido asociativo, sindicatos, patronal e a Fegamp
- A Lei recoñecerá a discriminación múltiple e interseccional e promoverá espazos seguros e libres de acoso sexual nas cidades e en eventos multitudinarios
- O anteproxecto hoxe presentado en Consello é resultado do proceso participativo que permitiu incorporar máis de 200 alegacións

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, resaltou hoxe que Galicia contará cunha nova lei de igualdade que situará a Galicia á vangarda ao ser “a primeira comunidade que vai regular o concepto de sustentabilidade social empresarial”, co que aspira a modernizar e revolucionar a cultura empresarial con base nos valores ambientais, sociais e de gobernanza que están a rexer os mercados a nivel mundial.

“O obxectivo é garantir que todas as galegas e galegos teñan as mesmas oportunidades e evitar calquera discriminación da muller”, resaltou o presidente, quen explicou que un dos “eixos principais” da futura normativa van ser “actuacións no eido laboral”. Nesta liña, subliñou que “a Lei impulsará o benestar laboral como piar para guiar as políticas de emprego” e puxo como exemplo o impulso de medidas “para a conciliación, a flexibilidade horaria ou o teletraballo”.

O anteproxecto da norma que hoxe recibiu a aprobación do Consello da Xunta para iniciar a súa tramitación parlamentaria a próxima semana, estará vixente antes de que remate a presente Lexislatura. Vai actualizar unha lexislación que, segundo indicou a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, María Jesús Lorenzana, “ten case 20 anos”. “Desde entón houbo cambios a nivel social, económico e laboral sobre a concepción de igualdade. Grazas a esta Lei, Galicia vai ter unha normativa adaptada aos tempos e vaise dar recoñecemento legal a esa nova cultura empresarial con criterios sociais e que pensa no benestar laboral” dos seus traballadores, indicou.

Lorenzana explicou que o obxectivo “é que as empresas favorezan a igualdade de oportunidades entre o persoal traballador con independencia do seu xénero e a creación de equipos diversos, mellorando a súa competitividade e converténdose en polos de atracción e retención do talento”.

A sustentabilidade social empresarial convertirase, con este compromiso, nun dos eixos fundamentais para loitar contra a discriminación da muller no eido laboral e para facer efectiva a igualdade de oportunidades en Galicia superando conceptos como a responsabilidade social empresarial e aliñando a norma autonómica cos últimos avances normativos a nivel estatal e internacional, así como tamén coas novas tendencias do mercado laboral. “Trátase de regular e promover que as empresas tomen medidas para mellorar a calidade de vida e as condicións laborais dos seus traballadores”, indicou Rueda.

A nova Lei de Igualdade reforzará o compromiso do Goberno da Xunta na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da súa igualdade, atribuíndolle o máis alto grao de efectividade do dereito constitucional á igualdade entre eles.

A norma tamén permitirá asentar un marco legal no que encaixarán medidas xa implantadas e se incorporarán outras en consonancia coas novas necesidades socio-laborais. Así, a nova lei de igualdade ademais de introducir novos conceptos como o de sustentabilidade social empresarial, tanto na súa dimensión interna como externa, apontoará a idea do benestar laboral, que é outro termo que acuña para referirse á mellora da calidade de vida e das condicións laborais das persoas traballadoras grazas á implementación dos factores que leva parellos a sustentabilidade social empresarial. Nomeadamente, a conciliación da vida laboral e familiar, a implementación de plans de igualdade nas empresas, o fomento do emprego feminino de calidade, a formación en igualdade laboral e habilidades dixitais ou a prevención de riscos con perspectiva de xénero.

A norma, que se adapta ás novas tendencias no eido da igualdade de xénero e, nomeadamente, da igualdade laboral, regulará tamén medidas especiais para integrar a perspectiva de xénero no teletraballo e o fomento de boas prácticas nas empresas (como o dereito á desconexión) e para apoiar a racionalización e flexibilización dos horarios de traballo, dirixidas, especialmente, a pequenas e medianas empresas e a entidades do terceiro sector.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En paralelo, reflíctese o compromiso de apoio económico ao emprendemento feminino en empresas dixitais e de incentivos para o fomento das vocacións de mulleres onde están infrarrepresentadas.

Mulleres rurais e do mar

O Goberno galego, ademais de atender as novas tendencias do mercado de traballo, tamén presta especial atención á realidade do sector feminino en Galicia. Por iso, dedicará un capítulo ás mulleres rurais e do sector marítimo-pesqueiro, onde se recolle unha carta de dereitos e se lles recoñece prioridade nas políticas de emprego autonómicas. Fomentárase o asociacionismo e o traballo en rede destas mulleres e se creará un premio Muller Rural e do Mar en Galicia para distinguir a súa singularidade.

O texto crea, ademais, o Observatorio das mulleres rurais e do mar, como órgano colexiado de asesoramento, análise e seguimento da súa situación. Estará integrado por, ademais de representantes da Administración autonómica, de organizacións profesionais agrarias, do tecido asociativo, dos sindicatos, da patronal, da Fegamp e persoas expertas. Terá unha sección de mulleres rurais e outra de mulleres do mar para outorgarlles cadanseus espazos propios.

Multidiscriminación e espazos anti-acoso

Galicia recoñecerá por primeira vez a discriminación múltiple e interseccional da muller, que corresponde aos supostos nos que varias causas dificultan inda máis o desenvolvemento persoal e social das afectadas, como poden ser de discapacidade, de etnia, idade avanzada, de orientación sexual, de pobreza, de inmigración, de situación de trata etc.

O novo texto legal, noutro eido de cousas, regulará novos programas de cidade segura, a fin de crear espazos urbanos libres de violencia e acoso sexual e por razón de sexo (sendas seguras, paradas a demanda do transporte público, sinalización urbana clara, maior iluminación, etc.).

Os actos multitudinarios organizados pola Xunta de Galicia contarán tamén con espazos seguros e libres de violencia coa dotación de medios, sendas e transportes seguros e dispoñibilidade de servizos sanitarios adecuados que correspondan.

A comunidade reforzará tamén a protección da muller contra os ataques sexistas difundidos a través das tecnoloxías da información. Nestes casos, a nova norma outorgará aos Centros de Información á Muller (CIM) de ámbito local un papel relevante no labor de acompañamento e apoio ás vítimas destes ataques.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por último, a Lei de igualdade incidirá de xeito transversal noutros ámbitos como o da saúde, o educativo ou o deportivo.

A nova lei foi resultado dun proceso de participación que permitiu integrar máis de 200 alegacións, estrutúrase en 8 títulos, 29 capítulos e 194 artigos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE, A PROL DO CONCELLO DE MEAÑO, DUN TREITO ANTIGO DA ESTRADA PROVINCIAL NO LUGAR DE COVAS

- Transfírese o treito de 111 metros da estrada EP-9306 Covas-Padrenda
- O Concello asume a titularidade deste treito e terá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Meaño, dun treito antigo da estrada provincial no lugar de Covas.

Concretamente, transfírese o treito antigo de 111 metros de lonxitude da estrada provincial EP-9306 Covas-Padrenda.

A transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia, o Concello de Meaño terá a competencia para actuar neste treito e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na seguinte imaxe amósase o treito obxecto da transferencia autorizada hoxe.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA ACTIVA APOIOS POR 3,8M€ PARA CONTINUAR AVANZANDO NA TRANSFORMACIÓN DIXITAL E SUSTENTABLE DO COMERCIO DE PROXIMIDADE GALEGO

- Resalta que nas próximas semanas vaise lanzar un programa de axudas para “impulsar proxectos de contido tecnolóxico, innovador e sustentable”
- Subliña que as axudas alcanzan o 90 % do investimento subvencionable e poden chegar ata 180.000 euros no caso de pemes comerciais e autónomos, e a 72.000 euros no caso das federacións de comerciantes
- Financiaranse aplicacións de big data e análise de datos para mellorar a experiencia da clientela; probadores interactivos; asistentes virtuais (*chatbots*) ou aplicacións de realidade virtual e aumentada
- Tamén se apoiarán, entre outras actuacións, sensores de presenza para a regulación automática de luces e sistemas de climatización

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego vai activar apoios por 3,8 millóns de euros para continuar avanzando na transformación dixital e sustentable do comercio de proximidade galego. “Trátase dun novo programa para impulsar proxectos de contido tecnolóxico, innovador e sustentable entre pemes e autónomos”, indicou. Para iso, nas vindeiras semanas publicarase no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o programa de axudas do Fondo tecnolóxico, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU.

Rueda subliñou que as axudas, que alcanzan o 90 % do investimento subvencionable, poden chegar “aos 180.000 euros no caso das pemes comerciais”, en función do número de traballadores. Os apoios poden chegar “aos 54.000 euros no caso das asociacións de comerciantes” con maior número de asociados, e chegar “aos 72.000 euros” no caso de federacións de ámbito provincial ou autonómico. Concederanse por orde de solicitude e abranguerán actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro ata o 29 de setembro deste ano.

No caso dos comercios, entre outras actuacións, o presidente indicou que vanse financiar “aplicacións de big data que son imprescindibles para facer estudos de mercado e coñecer os intereses da clientela; a instalación de probadores interactivos, asistentes virtuais e sistemas de realidade aumentada ou a instalación de sistemas de climatización enerxeticamente eficientes e sensores de presenza para a regulación automática de luces”.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que respecta ás asociacións de comerciantes, poderán destinar as axudas á instalación de mupis dixitais, redes wifi nas áreas comerciais, procesos ecoeficientes para a correcta separación de residuos ou proxectos para mellorar a eficiencia enerxética, entre outros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA A “MAGNÍFICA ACOLLIDA” DA TERCEIRA EDICIÓN DO BONO ENERXÍA PEME DA XUNTA CON MÁIS DE 600 SOLICITUDES RECIBIDAS PARA A MELLORA ENERXÉTICA DAS INSTALACIÓNS DE AUTÓNOMOS E PEMES

- Lembra que o prazo de solicitude desta convocatoria -que conta cun orzamento de 4,2M€- manterase aberto ata o 29 de xuño
- Precisa que o apoio máis demandado é o dirixido á mellora do equipamento, con 278 solicitudes, seguido do da iluminación, con 200 peticións, e a mellora da climatización, con 158
- Apunta que as solicitudes estanse analizando e empezando a resolver, e xa se concederon anticipos “por importe de case un millón de euros”

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, destacou a “magnífica acollida” que está a ter a terceira edición do Bono Enerxía Peme, xa que o estado de tramitación que se levou hoxe ao Consello da Xunta de Galicia reflectiu que xa recibiu máis de 600 solicitudes, “por importe de case tres millóns de euros” -que se están analizando e empezando a resolver-, “para axudarlles a autónomos e pemes a sufragar custos neste momento de alza de prezo da enerxía”, apuntou.

O mandatario galego precisou que a convocatoria, que conta cun orzamento de case 4,3 millóns de euros, manterase aberta ata o 29 de xuño e apuntou que, das solicitudes recibidas ata o momento, a maioría son para a mellora de equipamento -278-, seguidas da iluminación -200- e da climatización, con 158 peticións.

Os solicitantes poderán acceder a un anticipo de ata o 50% sen necesidade de presentar avais. Neste sentido, Rueda puxo en valor que Xunta xa realizou anticipos “por importe de case un millón de euros” para actuacións que van dirixidas a mellora da envolvente a través de elementos de control solar como toldos de cor branco ou negro; iluminación, coa renovación de equipamentos interiores ou exteriores por outros que utilicen tecnoloxía led; a eficiencia enerxética en instalacións eléctricas; equipamentos como a renovación de electrodomésticos ou aparellos por outros de cualificación enerxética B ou superior; climatización ou inmótica, para xestionar a enerxía e o gasto de xeito máis eficiente. Este ano súmanse, ademais, as axudas para asesoramento enerxético.

Rueda explicou que, carácter xeral, a axuda máxima é de 6.000 euros por solicitude, aínda que a axuda do bono de asesoramento enerxético non computará para os efectos do devandito límite, e virá limitada en función do consumo do centro de traballo. Con este programa preténdese axudar ás pequenas empresas e aos autónomos a afrontar o custo da súa factura eléctrica, ao tempo que se incentiva a cultura da

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

eficiencia enerxética entre o tecido empresarial, dotándoo de ferramentas e recursos para que poidan aforrar no consumo enerxético e reducir custos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA TERÁ DÚAS NOVAS ORDES DE AXUDAS PARA OBRAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DIRIXIDAS A CONCELLOS E ENTIDADES CUN ORZAMENTO DE 7 M€

O Consello da Xunta de Galicia vén de aprobar a primeira delas, dirixida a entidades deportivas, que contará cun orzamento global de preto de 1,3 millóns de euros, 600.000 deles neste exercicio de 2023

O Consello da Xunta de Galicia vén de aprobar a Orde pola que se conceden subvencións para a construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas para as entidades deportivas inscrita no Rexistro de entidades deportivas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2023 e 2024 por importe de preto de 1,3 millóns de euros (1.293.075,39 euros) -593.075,39 euros en 2023 e 700.000 euros en 2024-. Ademais, autorízase a concesión de anticipos ata o 100% do importe das subvencións que se concedan ás entidades deportivas ao abeiro da orde.

A contía máxima das axudas que se concederá será de 25.000 euros, co límite do 80% do orzamento da actuación subvencionable. A valoración das solicitudes faranse con base na entidade deportiva -memoria deportiva da entidade, número de equipos da entidade inscritos en competicións federadas de ámbito autonómico ou supra autonómico, número total de licenzas na actualidade, número total de socios na actualidade, existencia de técnicos deportivos na entidade e práctica de máis dunha modalidade deportiva oficialmente recoñecida- así como con base na instalación deportiva - antigüidade da instalación, instalación destinada a unha práctica deportiva federada recoñecida oficialmente na Comunidade Autónoma e instalación destinada a unha práctica deportiva náutica (natación, remo, piragüismo ou vela)-.

A dotación dunha rede de instalacións e infraestruturas deportivas seguras e de calidade é principal á hora de procurar o desenvolvemento efectivo do sistema deportivo e da práctica de actividade física en Galicia, tanto competitiva coma non competitiva. As instalacións deportivas incrementan os recursos deportivos ao servizo dos axentes deportivos e dos cidadáns para facilitar unha práctica segura e respectuosa co contorno e co ambiente.

Neste 2023, a Secretaría Xeral para o Deporte da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes conta cun orzamento histórico de máis de 44 millóns de euros, un 36% máis que en 2022 e superando o teito histórico de 2009. Deste orzamento, preto de 20 millóns, o 45%, dedicárase á construción e mellora de instalacións deportivas, destacando dúas novas ordes plurianuais. A primeira delas é esta para entidades deportivas cun orzamento de preto de 1,3 millóns de euros (neste

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

2023 serán executados 600.000 euros). A segunda delas terá un orzamento de 6 millóns de euros para os concellos galegos (resérvanse 3,4 millóns para 2023). O total destas dúas ordes para instalacións deportivas suma 7,3 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA SEIS BOLSAS PARA A FORMACIÓN DE PERSOAS EXPERTAS EN COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a nova convocatoria, dotada con máis de 108.700 euros, que inclúe estadias na sede da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE en Santiago de Compostela

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a convocatoria de seis bolsas para a formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento, que se levarán a cabo nun máximo de 12 meses, entre outubro de 2023 e setembro de 2024, na sede da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE en Santiago de Compostela ou en unidades de cooperación no exterior da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) en países prioritarios da Cooperación Galega.

O importe total que se habilita para esta convocatoria ascende a 108.782 euros, que se destinarán ao pagamento ás persoas bolseiras do importe das bolsas e das cotas patronais da Seguridade Social.

As persoas solicitantes deben ter residencia en Galicia e estar en posesión dun título universitario oficial de grao, licenciatura, diplomatura, arquitectura, enxeñaría ou similar. Ademais, entre os requisitos para optar a unha destas bolsas inclúese non ter emprego remunerado nin gozar doutra axuda deste tipo e tampouco desta en convocatorias anteriores.

Estas bolsas de formación da Cooperación Galega teñen como obxectivo principal apoiar a formación especializada de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento, coa finalidade de complementar a formación académica coas liñas de traballo da Cooperación Galega e, no caso das bolsas noutros países, cos proxectos que se están a financiar e que poderán visitar na súa estadia en terreo.

As actividades destinadas á formación de persoal especializado constitúen unha tarefa que a Xunta leva a cabo no marco do fortalecemento do Sistema galego de cooperación. O apoio á formación e capacitación especializada dos axentes galegos de cooperación é unha das liñas de actuación do actual Plan director da Cooperación Galega.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA AMPLIARÁ EN CASE 3 M€ OS FONDOS DO BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL, QUE CONTARÁ CUN ORZAMENTO DE 18,6 M€ ATA 2026 PARA AXUDAR A COLECTIVOS VULNERABLES

- Salienta que grazas a este incremento se estima que poderán acceder á prestación ao redor de 300 persoas, a maiores das que se beneficiaron dela ata o momento
- Esta axuda vai dirixida a afectados por demandas de desafuzamento ou de execución hipotecaria, vítimas de violencia de xénero ou de trata, persoas en situación de emerxencia social ou mozos que estaban tutelados pola Xunta, entre outros
- A prestación concédese por un período inicial de 12 meses consecutivos pero é susceptible de ampliarse coas correspondentes prórrogas ata un máximo de 5 anos

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, puxo en valor hoxe a decisión do Consello da Xunta de Galicia de ampliar en 2,86 millóns de euros os fondos destinados ao chamado Bono de alugueiro social, unha axuda de carácter prestacional que garante a cobertura da renda da vivenda habitual a colectivos e familias que, por diversos motivos, se ven afectados por unha situación de vulnerabilidade. Con esta ampliación beneficiaranse, segundo estimou, unhas 300 persoas, a maiores das que se beneficiaron dela ata momento.

Coa ampliación autorizada, a actual convocatoria do bono —publicada en xullo do ano pasado e con prazo aberto— contará cun orzamento global de algo máis de 18,6 millóns de euros ata o ano 2026, de xeito que se poderá chegar a un maior número de beneficiarios.

Rueda salientou que esta medida amosa o firme compromiso da Xunta en facilitar o acceso ou o mantemento dun fogar a colectivos desfavorecidos, especificamente a afectados por unha demanda de desafuzamento ou un procedemento de execución hipotecaria, vítimas de violencia de xénero e mulleres que sofren trata con fins de explotación sexual, fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por violencia de xénero, persoas privadas da súa vivenda por causas sobrevidas e imprevistas ou que se atopen en situación de emerxencia social, e mozos tutelados pola Xunta unha vez que acadan a maioría de idade, entre outros.

Rueda indicou que, co fin de paliar este tipo de situacións de vulnerabilidade, as persoas beneficiarias teñen dereito a unha prestación que, desde o ano 2020, equivale ao 100 % da renda que figure no seu contrato de alugueiro, sempre e cando esta non supere a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

contía límite establecida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) para cada área xeográfica.

Deste xeito, destacou que nas 7 grandes cidades, o importe que asume a Xunta a través do bono é de, como máximo, 550 euros ao mes; nos concellos de tamaño medio e localizados en contornas urbanas, está fixado en 500 euros; e no resto de municipios, o límite acada os 425 euros.

En todo caso, estas contías incrementáanse nun 20 % cando a unidade de convivencia do beneficiario necesite dispoñer dunha vivenda adaptada ou estea integrada por 5 ou máis membros, polo que nestes supostos o importe da axuda poderá chegar ata os 660, 600 ou 510 euros, respectivamente e segundo a zona.

Para acceder a estes incentivos, os solicitantes deben acreditar que os ingresos ponderados da unidade de convivencia son inferiores a 1,5 veces o IPREM —entre 12.600 euros anuais en 14 pagas para unidades familiares de 1 membro e 21.000 euros anuais para unidades familiares de 5 ou máis membros—. Esta contía vese incrementada en función do número de membros da familia e doutras circunstancias particulares que ponderan para o límite de ingresos.

Ademais, Rueda puxo en valor o feito de que os perceptores desta prestación tamén poden recibir unha axuda complementaria de ata 600 euros destinada a pagar os gastos asociados á constitución dun novo contrato de alugamento —fianza, alta de subministracións, etc.— ou ben, no caso de que permanezan na vivenda obxecto de desafuzamento, a atender as cantidades pendentes de pagamento que motivaron o inicio do procedemento.

O Bono de alugueiro social concédese por un período de 12 meses consecutivos, aínda que poden solicitarse 4 prórrogas. Deste xeito, os beneficiarios teñen dereito a percibir esta axuda que lles garante a cobertura total do seu alugueiro por un máximo de 5 anos.

Convocatoria aberta ata esgotar o crédito

O ano pasado, a convocatoria do Bono de alugueiro social fíxose no marco do Plan para o acceso á vivenda 2022-2025, un conxunto de medidas e axudas en materia residencial con cofinanciamento autonómico e estatal.

Ademais, a prestación convocouse de forma continuada e permanente ata o ano 2026 ou ata esgotar o crédito, polo que na propia convocatoria se prevía a posibilidade de que o orzamento inicial fose ampliado. Por iso e ante a existencia de remanentes e novos fondos dispoñibles tras prorrogarse ata o ano 2024 o Pacto de Estado contra a violencia de xénero —no marco do cal se financia o alugueiro das vítimas de violencia de xénero—, a resolución aprobada hoxe polo Consello da Xunta de Galicia permite sumar aos 15,8

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

millóns de euros dispoñibles para a actual convocatoria outros 2,86 millóns de euros adicionais cos que se reforzarán as anualidades 2023 e 2024.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA APROBA A COLABORACIÓN CO CLÚSTER DA FUNCIÓN LOXÍSTICA DE GALICIA PARA O IMPULSO DO CORREDOR ATLÁNTICO NOROESTE

- O obxectivo é fomentar o transporte ferroviario de mercadorías entre Galicia, o resto de España, Portugal e o conxunto da Unión Europea, a través do Corredor Atlántico, estratéxico para Galicia e as comunidades do noroeste peninsular
- No marco deste acordo, o Clúster desenvolverá accións para promover o Corredor Atlántico Noroeste e prestará apoio na divulgación da Estratexia loxística da Xunta
- Nesta colaboración inclúense actividades de promoción do transporte intermodal de mercadorías e das súas plataformas loxísticas en Galicia, así como de divulgación en foros nacionais e internacionais do potencial loxístico da Comunidade
- O convenio autorizado suporá un investimento autonómico de 140.000 € e terá vixencia ata finais de 2025

O Goberno galego deulle hoxe o seu visto e prace á sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Asociación Clúster da Función Loxística de Galicia para a realización de actividades dirixidas ao impulso do Corredor Atlántico Noroeste.

O acordo autorizado hoxe establece o marco de cooperación na promoción do transporte de mercadorías, intermodal, sustentable e eficiente, en que se une a experiencia da Xunta coa da asociación que agrupa e representa a cadea de valor do sector loxístico de Galicia.

O Goberno galego está a apostar pola potenciación das infraestruturas e o transporte como factores de crecemento e competitividade para acadar o desenvolvemento dun sistema loxístico galego competitivo.

Mediante este acordo, o Clúster asume o compromiso de desenvolver as actividades dirixidas a promocionar o Corredor Atlántico Noroeste, unha infraestrutura estratéxica para Galicia e para as comunidades do noroeste peninsular.

A Xunta vén de elaborar a Estratexia loxística de Galicia para impulsar o transporte ferroviario de mercadorías entre Galicia, o resto de España, Portugal e o conxunto da Unión Europea, a través do Corredor Atlántico, sobre a base do desenvolvemento dunha rede de infraestrutura ferroviaria eficiente para o transporte de mercadorías, que conecte os nodos loxísticos intermodais e dea soporte ás necesidades loxísticas da economía de Galicia. Así, no marco deste acordo, o Clúster tamén prestará apoio na posta en marcha e divulgación da Estratexia loxística da Xunta.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste caso, o obxectivo da colaboración autorizada hoxe polo Goberno galego é buscar as sinerxías a través da colaboración co sector privado para traballar no desenvolvemento do transporte ferroviario en Galicia como compoñente fundamental da intermodalidade do futuro.

Entre os obxectivos desta Estratexia loxística da Xunta están impulsar a implantación dos estándares ferroviarios da Rede TENT-T da ampliación do Corredor Atlántico a Galicia, potenciar o completo desenvolvemento das restantes infraestruturas ferroviarias galegas para o transporte de mercadorías e desenvolver unha rede optimizada e eficiente de terminais intermodais ferroviarias para mercadorías.

A Estratexia loxística de Galicia tamén persegue incrementar a colaboración entre operadores de diferentes modos de transporte, brindar atención específica a grandes infraestruturas lineais e nodais de transporte ferroviario a través da planificación existente, potenciar a colaboración interrexional a través da Macrorrexión RESOE (España e Portugal) e promover incentivos que impulsen o transporte intermodal.

Ademais, segundo figura na Estratexia, entre os puntos fortes que posúe a Comunidade galega para o seu desenvolvemento loxístico, salienta a existencia de cooperación e clusterización entre empresas de transporte e loxística con agrupacións industriais, con vocación de uso ferroviario para o impulso da intermodalidade

Marco do acordo

Mediante o convenio autorizado hoxe polo Goberno galego establécese un marco de cooperación que une as experiencias e eidos de competencias do Departamento de Infraestruturas da Xunta de Galicia e a única asociación que agrupa e representa a toda a cadea de valor do sector loxístico de Galicia, co obxectivo de potenciar as infraestruturas e o transporte como factores de crecemento e competitividade para acadar o desenvolvemento dun sistema loxístico galego competitivo.

O Goberno galego sufragará o desenvolvemento das actividades e actuacións que levará a cabo o Clúster, que achega o coñecemento das necesidades e a experiencia das preto de 50 entidades que o conforman, e que aglutinan os principais axentes do almacenamento e o transporte na Comunidade, acadando unha facturación anual global superior aos 11.000 M€.

En concreto, baixo este acordo acometeranse as actuacións destinadas a promocionar o Corredor Atlántico Noroeste a través da colaboración entre a Xunta, empresas privadas e resto de axentes involucrados na función loxística; así como as actividades dirixidas á divulgación da Estratexia loxística de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nesta colaboración inclúense as actividades e actuacións realizadas polo Clúster destinadas á promoción do transporte intermodal de mercadorías en Galicia e das súas plataformas loxísticas.

Tamén se sufragarán as actuacións do Clúster destinadas á promoción, en foros nacionais e internacionais, das capacidades e do potencial loxístico de Galicia.

A colaboración tamén posibilita achegar aos documentos elaborados pola Administración autonómica a perspectiva e experiencia das empresas privadas especialistas na materia.

O convenio autorizado polo Executivo autonómico suporá un investimento da Xunta de 140.000 euros e terá vixencia desde o día seguinte ao da súa sinatura e ata finais do 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE MELLORA DE 40 PARADAS DE AUTOBÚS NAS ESTRADAS AUTONÓMICAS DAS RUTAS DE ACCESO Á CIDADE DE OURENSE CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,2 M€

- As actuacións levaranse a cabo en 9 estradas autonómicas ao seu paso por 14 municipios da provincia
- As intervencións consisten na dotación de marquesiñas, na mellora da accesibilidade con ramplas e información en braille e no incremento da visibilidade e iluminación
- A previsión é convocar o levantamento de actas previas das expropiacións no verán, para licitar as obras a finais de 2023 e comezar a execución na primavera de 2024
- A Xunta tamén deu conta hoxe da aprobación dos trámites de información pública e do informe das administracións afectadas para os citados proxectos
- Estas intervencións enmárcanse no Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús nas estradas autonómicas, co que se actuará en 1.100 paradas de toda Galicia

O Goberno galego aprobou na reunión de hoxe do Consello da Xunta de Galicia o proxecto de mellora da accesibilidade e conectividade de 40 paradas de autobús situadas nas estradas autonómicas das rutas de acceso á cidade de Ourense, que suporán un investimento autonómico de máis de 1,2 M€.

Na reunión do Consello da Xunta de Galicia tamén se deu o visto e prace á aprobación dos trámites de información pública e do informe das administracións afectadas para o desenvolvementos destas actuacións en 14 municipios da provincia e en 9 estradas autonómicas.

Ademais, coa aprobación definitiva desta intervención autorízase a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos 18 predios necesarios para levar a cabo os traballos. A superficie de expropiación definitiva é de 555,99 m².

A previsión é convocar o levantamento de actas previas das expropiacións no verán, para licitar as obras a finais de 2023 e comezar a execución na primavera de 2024.

Concretamente, as intervencións desenvolveranse nas estradas da Xunta OU-101, OU-113, OU-121, OU-150, OU-533, OU-536, OU-540, OU-603 e OU-636.

Actuarase en 6 paradas no municipio de Barbadás; 1 no Barco de Valdeorras; 5 no Bolo; 2 en Castro Caldelas; 1 en Coles; 2 en Esgos; 2 en Larouco; 1 en Laza; 1 en Maceda; 8 en Ourense; 2 en Petín; 2 na Rúa; 1 en Verín; e 6 en Viana do Bolo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As actuacións consisten, entre outras, na mellora dos apartadoiros para os autobuses e as súas cuñas de entrada e saída, así como no acondicionamento dos itinerarios peonís na contorna das paradas.

As intervencións abranguen a colocación de refuxios de tipo rural e urbano, en función do lugar onde se encontre a parada, mellorando o equipamento, con postes, bancos ou apoio isquiático.

Tamén se levará a cabo a mellora da accesibilidade para peóns, en xeral, e para persoas con mobilidade reducida, a través de medidas como a conexión das paradas cos itinerarios peonís, a execución de ramplas de acceso, información en braille ou pavimento podotáctil.

As obras incluirán medidas de seguridade, tamén con perspectiva de xénero; procederase á eliminación de vexetación, á mellora da visibilidade e da iluminación ou á ampliación do espazo ao redor das paradas.

Ademais, levaranse a cabo traballos de reforzo do firme naqueles puntos en que se instalen as citadas marquesiñas.


Con estas melloras preténdese fomentar o uso do transporte público, diminuindo os movementos de curto e medio percorrido en transporte privado, con orixe e/ou destino nas cidades de maior poboación.

Estas intervencións enmárcanse no Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús nas estradas autonómicas, co cal a Xunta ten previsto mellorar 1.100 paradas en toda Galicia cun investimento de arredor de 35 M€.

Estes proxectos están financiados ao abeiro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea–Next Generation EU e enmárcase no Plan de infraestruturas da Xunta para unha mobilidade segura, verde e intelixente.

Imaxe de situación das paradas e exemplos de planta de actuación:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ PRETO DE 400.000 EUROS DO CANON DE EXPLOTACIÓN DO ENCORO DO UMIA A FINANCIAR ACTUACIÓNS EDUCATIVAS E SOCIAIS EN CALDAS DE REIS, CUNTIS E MORAÑA

- Os tres municipios beneficianse anualmente da achega económica a que está suxeita a empresa concesionaria da explotación hidroeléctrica da presa de Caldas de Reis
- Cada un destes concellos percibirán máis de 130.000 euros de Augas de Galicia
- Desde 2002 estes tres concellos levan recibido da Xunta preto de 7, 8 millóns de euros do canon do encoro, que axudaron a apoiar actuacións culturais e de asistencia social

O Consello da Xunta de Galicia deulle hoxe o seu visto é prace á renovación do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, polo que Augas de Galicia destinará preto de 400.000 euros do canon de explotación do encoro do Umia ao financiamento de actuacións educativas e sociais nestes tres municipios da provincia de Pontevedra.

O Goberno galego autoriza así a sinatura, un ano máis, do convenio no cal participa como entidade colaboradora a Deputación Provincial de Pontevedra, que asume a tarefa de administrar estes fondos da Xunta entre estes tres concellos e velar pola súa correcta aplicación.

Os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña beneficianse anualmente da achega económica a que está obrigada a empresa titular da explotación hidroeléctrica da presa de Caldas de Reis, con base na concesión da explotación outorgada por Augas de Galicia.

A cantidade achegada pola entidade hidráulica da Xunta é de algo máis de 130.000 euros para cada un destes concellos, que poderán financiar con cargo a eses fondos actividades educativas e sociais que se organicen desde o día 1 de xaneiro de 2023 e ata o 31 de decembro deste mesmo ano.

Desde o ano 2002 ao 2022, a Xunta leva asignados máis de 7 millóns de euros en concepto de canon de explotación do encoro de Caldas de Reis a estes municipios, que serviron para financiar actividades educativas, culturais e de asistencia social dos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña. Coa renovación do convenio autorizada hoxe polo Goberno galego a suma percibida por estes municipios rolda os 7,8 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego, a través do acordo aprobado hoxe, segue a incentivar axudas á xestión municipal e impulsa a colaboración entre as distintas administracións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE LOUSAME PARA CONSTRUIR UNHA REDE DE SANEAMENTO E UNHA DEPURADORA CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,1 M€

- O Goberno galego, a través de Augas de Galicia achegará o 80% do orzamento, máis de 887.000 €, e o Concello o 20% restante, máis de 221.000€
- O obxectivo das actuacións é dar servizo aos lugares de Devesa, A Silva, Berrimes, As Quintáns e A Costa, pertencentes á parroquia de San Xoán de Lousame, que non contan con sistema de depuración axeitado
- Construírse unha rede de saneamento que conduza as augas residuais deses núcleos cara á nova depuradora que se construír na zona do rego Pesqueira

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración co Concello de Lousame para a execución dunha rede de saneamento e dunha estación depuradora de augas residuais, cun investimento de máis de 1,1 millóns de euros.

A Xunta, a través de Augas de Galicia, achegará o 80% do orzamento, máis de 887.000 €, e o Concello o 20% restante, algo máis de 221.000€.

O obxectivo destas actuacións é dar servizo aos lugares de Devesa, A Silva, Berrimes, As Quintáns e A Costa, pertencentes á parroquia de San Xoán de Lousame, que non contan na actualidade cun sistema de depuración axeitado.

Para resolver esta situación, executarase unha rede de saneamento para recoller as augas residuais destes núcleos e conducilas cara a unha nova estación depuradora, que se construír na zona do rego Pesqueira, nunha parcela proposta polo Concello na contorna da Roucheira.


A nova depuradora contará con elementos de pretratamento, decantación primaria, biodiscos, decantación secundaria, medida de caudal de auga tratada ou un bypass que permitirá o alivio na arqueta de entrada.

En canto á rede de saneamento, construírse un colector na marxe esquerda da vía provincial DP-4201, na intersección de Croído, e outro na zona do campo de fútbol da Silva. Ademais, executarase un pozo de bombeo na Costa, que recollerá as augas residuais de Berrimes, As Quintáns e A Costa e impulsaráas ata o colector, para logo levalas á depuradora.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas actuacións beneficiarán a preto de 400 habitantes equivalentes destes núcleos de poboación do municipio de Lousame.



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FACILITARÁ O SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PRETO DE 417 ALUMNOS CON DISCAPACIDADE O VINDEIRO CURSO

- O Consello da Xunta de Galicia autoriza a sinatura de addendas aos convenios de colaboración con 16 entidades para este fin, cun investimento superior a 1,6M€
- O Goberno galego farase cargo do 100% do gasto derivado da prestación do servizo de transporte, incluíndo o apoio de 76 persoas auxiliares

A Xunta de Galicia facilitará o servizo de transporte escolar adaptado a 417 alumnos o vindeiro curso 2023/24 a través de diversos convenios de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e 16 entidades especializadas na atención á diversidade. O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a renovación destes acordos, cun investimento total de máis de 1,6M€, un 31% máis ca no presente curso.

En concreto, asinaranse addendas aos convenios xa subscritos coa Asociación de Apoio a Personar con Diversidad Intelectual (ACEESCA), coa Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines (Amencer–Aspace), coa Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia (Amicos), coa Asociación de Padres de Personar con Parálisis Cerebral – A Coruña (Aspace), coa Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña (Aspanaes), coa Asociación en Favor de las Personar con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex), coa Asociación Pro Personar con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga), coa Asociación para el Tratamiento del Autismo BATA Bayón, coa Asociación Autismo Ourense, coa ASCM–Ferrolterra, S.L., con Hogar y Clínica San Rafael de Vigo, con I-LAB Centro Especial de Empleo, S.L., coa Asociación BS A Esperanza do Val Miñor, coa Fundación Menela, coa Asociación San Xerome Emiliani e coa Asociación Nuestra Señora de Chamorro.

A través destes acordos, o departamento educativo do Goberno galego farase cargo do 100% do gasto derivado da prestación do servizo de transporte, incluíndo o apoio de 76 persoas auxiliares. Pola súa banda, as asociacións comprométese a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos especializados de acompañamento e atención ao alumnado trasladado.

Os convenios cobren os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar. Ademais, o servizo estará

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

adaptado ás necesidades horarias dos estudantes, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que necesitan. Os escolares beneficiados por esta acción presentan distintos tipos de discapacidade, polas que precisan nos seus traslados ao centro educativo dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades físicas e psíquicas particulares.

Compromiso coa diversidade

A colaboración acadada encádrase no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require unha atención específica e preferente. Non en balde, os último datos publicados polo Ministerio de Educación veñen confirmar o sistema educativo galego como o máis inclusivo de España, en que o 94% do alumnado galego con necesidades especiais está escolarizado en centros ordinarios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA UN 16% A COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN GALEGA DE BANDAS, ATA OS 140.000 EUROS

- O obxectivo é apoiar novas vocacións e talentos en máis de 90 formacións das catro provincias, que recupera xa o nivel de actividades prepandemia
- Contribúese ao desenvolvemento do Certame Galego de Bandas, do Concurso Galego de Composición e do Festival de Bandas Infantís e Xuvenís, ademais de impulsar a elaboración dun manual de boas prácticas

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o contido do convenio de colaboración coa Federación Galega de Bandas de Música Populares, a través do cal a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades contribúe cunha achega de 140.000 euros ao desenvolvemento das principais actividades desta entidade, que agrupa máis de 90 formacións das catro provincias.

Esta contía supón un incremento superior ao 16% no financiamento desta colaboración para lle dar resposta á recuperación dos niveis anteriores á pandemia en canto ao número de citas e de bandas participantes nas diferentes iniciativas da Federación. O obxectivo común continúa sendo favorecer o relevante labor das bandas no impulso de novas vocacións e talentos para a música, así como na creación de públicos, ademais de dar a coñecer o gran nivel existente en Galicia e ampliar o repertorio de temática galega para este tipo de formacións.

No eixo principal desta colaboración sitúase o Certame Galego de Bandas de Música, que este ano celebrará a súa 16ª edición os días 28 e 29 de outubro no Pazo da Cultura de Narón e para o que o prazo de inscrición permanecerá aberto ata o vindeiro 21 de maio. A convocatoria aspira a revalidar as cifras de participación de 2019 e anos anteriores, cando se congregaban unha vintena de bandas e máis de 1000 músicos.

Recuperación dos concertos promocionais

Para esta nova entrega, que distribuirá preto de 25.000 euros en premios, recupéranse ademais os concertos promocionais do certame, que terán lugar nos meses previos en diferentes localidades de Galicia.

De xeito paralelo, desenvólvese o XVI Concurso Galego de Composición co fin de fomentar e estimular a composición musical como parte fundamental do patrimonio cultural galego, ademais de suplir a escaseza de repertorio de autoría galega para ser interpretado especificamente por bandas de música.

Xornada na Cidade da Cultura

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con anterioridade, no mes de xullo terá lugar na Cidade da Cultura de Galicia, en Santiago de Compostela, a sexta edición do Festival de Bandas Infantís e Xuvenís, que busca dar a coñecer o traballo das formacións máis novas das bandas de música populares galegas, ao tempo que se fomenta unha xornada de convivencia entre elas.

Como novidade este ano, o convenio inclúe a elaboración e difusión dun *Manual de boas prácticas* que sirva de guía para a correcta planificación e programación das actuacións deste tipo de formacións musicais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSTRUIRÁ UN CENTRO DE SAÚDE EN NOIA QUE TERÁ CASE 4.200 M², O DOBRE QUE O ACTUAL INMOBLE

- O novo centro contará con catro salas de técnicas -tres máis que as actuais- onde se poderán facer ecografías, espirometrías, retinografías, electrocardiogramas ou cirurxía menor
- Tamén haberá espazo para unha consulta de hixienista dental xunto á de odontoloxía
- As melloras tamén abranguen a área pediátrica, que ampliará os seus espazos e contará cunha sala de observación con capacidade para dous postos
- Así mesmo, na zona do PAC ampliarase a área de consultas e a sala de observación, e integrárase dentro deste edificio a base da ambulancia do 061
- A execución desta infraestrutura é froito do convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Noia

O Executivo galego autorizou, na súa reunión semanal, a aceptación da cesión do terreo para a construción dun novo centro de saúde, feita a título gratuito polo Concello de Noia, a favor do Sergas. A cesión é de cinco predios pendentes de agrupación, pertencentes ao proxecto de reparcelación da unidade de actuación número 3 de Noia, con situación no bloque cinco da praza de San Lázaro.

O terreo cedido permitirá á Xunta edificar un novo centro de saúde neste municipio, que terá unha superficie de máis do dobre que o actual, pois acadará case os 4.200 m², fronte aos 1.780 do actual inmoible.

Plan funcional

Fronte ao actual edificio, onde o centro de saúde comparte espazo con outros organismos, o novo será un edificio de uso exclusivo sanitario, co que iso significa para a ordenación da asistencia. Un inmoible moderno, fronte ás actuais instalacións de máis de 25 anos, que permitirá mellorar a organización asistencial, pois contará con catro salas de técnicas -tres máis que as actuais- onde se poderán facer ecografías, espirometrías, retinografías, electrocardiogramas ou cirurxía menor.

No novo centro de saúde tamén haberá espazo para unha consulta de hixienista dental xunto á de odontoloxía, ou para incorporar vestiarios para os pacientes na área de fisioterapia. As melloras tamén abranguen a área pediátrica, que ampliará os seus espazos e contará cunha sala de observación con capacidade para dous postos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, na zona do PAC ampliaranse a área de consultas e a sala de observación, e integrarase dentro deste edificio a base da ambulancia do 061.

O centro de saúde de Noia atende máis de 13.000 persoas deste concello e, a través do PAC, chega a 32.000, xa que dá servizo á veciñanza de Lousame, Outes ou Porto do Son. O novo centro suporá unha mellora na atención aos usuarios, e tamén aos preto de 50 profesionais que prestan servizo.

O orzamento das obras de construción determinarase cando se realice o proxecto de construción.

Os fondos para a redacción do proxecto están dispoñibles dentro da contía reservada nos orzamentos deste ano para obras de atención primaria. Os orzamentos da Xunta para 2023 destinados a investimentos neste nivel asistencial acadan os 56 millóns de euros, a maior partida para investimentos en atención primaria da historia.

Cómpre sinalar que a execución desta infraestrutura é froito do convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Noia en outubro de 2022, para dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación mediante a mellora das dotacións e infraestruturas dedicadas á atención asistencial do Concello.

Hai que salientar, así mesmo, que o Goberno galego xa está dando trámite administrativo á encomenda de xestión por parte da Consellería de Sanidade á Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), para que esta axencia poida encargarse da xestión das actuacións en relación coa redacción do proxecto e a execución das obras de construción deste novo centro de saúde, de xeito que, unha vez que esta encomenda de xestión estea aprobada e publicada no *Diario Oficial de Galicia*, a AXI poida iniciar a licitación, en primeiro lugar, do proxecto arquitectónico do edificio.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 30.000 EUROS NA FORMACIÓN DE PERSOAL SANITARIO E RESIDENTE DO ÁMBITO DA CIRURXÍA NO CENTRO DE TECNOLOXÍAS CIRÚRXCAS MÍNIMAMENTE INVASIVAS (Tecmeva)

- Mediante convenio asinado esta mañá, e cuxa duración inicial será de dous anos, Tecmeva cederá o acceso aos seus equipamentos e instalacións aos profesionais do Sergas para a realización conxunta de actividades de docencia, investigación e divulgación de novas técnicas cirúrxicas
- O acordo establece tamén o apoio ao desenvolvemento de proxectos de investigación biomédica, así como a procedementos de posta a punto de novas técnicas de diagnóstico e terapéuticas
- O Servizo Galego de Saúde alcanzará os recursos e profesionais sanitarios precisos para desenvolver estas actividades, mentres que a Axencia Galega de Xestión do Coñecemento en Saúde asumirá os custos de mantemento das instalacións e o equipamento empregado

O Consello de la Xunta aprobou esta mañá o convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega de Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) e o Parque Tecnolóxico de Galicia, para a realización de actividades docentes e de investigación no Centro de Tecnoloxías Cirúrxicas Minimamente Invasivas (Tecmeva). Así, o Executivo galego destinará unha partida de 30.000 euros para a realización de accións conxuntas entre as entidades, durante os anos 2023 e 2024.

Con este acordo optimizarase o proceso de formación continuada dos profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde, o colectivo MIR e outros colectivos incluídos dentro do programa de formación sanitaria especializada.

Así, tanto os profesionais do Sergas coma o persoal residente en formación poderán facer uso das instalacións e o equipamento con que conta o Centro de Tecnoloxías Cirúrxicas Minimamente Invasivas (Tecmeva), entre os cales destacan os seus sistemas de simulación médica, co que o persoal sanitario poderá ampliar o seu coñecemento e, consecuentemente, mellorar a calidade asistencial que presta á poboación galega.

A iniciativa tamén actuará como apoio á crecente demanda de instalacións especializadas e de calidade para a investigación traslacional, reforzando dun xeito significativo o obxectivo da Xunta de impulsar a formación, investigación e innovación sanitaria especializada, e máis en concreto, no ámbito da cirurxía laparoscópica.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, o convenio prevé a organización e realización de cursos de formación experimental en técnicas cirúrxicas, microcirurxías, laparoscópicas e anestésicas, así como a mellora continua da aprendizaxe nas aplicacións de protocolos cirúrxicos específicos sobre o modelo animal experimental e cadáveres humanos.

Nesta liña, tamén se establece o apoio ao desenvolvemento de proxectos de investigación biomédica e procedementos de posta a punto de novas técnicas de diagnóstico e terapéuticas.

Por outra banda, o pasado mércores constituíuse o Consello Técnico Asesor para a creación da Rede de centros de simulación clínica avanzada do Sistema público de saúde de Galicia, un órgano que proporcionará o apoio necesario para que os profesionais sanitarios dispoñan de recursos que faciliten a mellora da calidade asistencial, docente e investigadora, a través da simulación clínica.

Así, a formación baseada na simulación representa na actualidade unha ferramenta docente cada vez máis importante ao permitir incrementar os niveis de capacitación e competencias, especialmente nas habilidades clínicas, dos profesionais sanitarios nun ambiente seguro.

Centro de Tecnoloxías Cirúrxicas Minimamente Invasivas (Tecmeva)

O Centro de Investigación en Novas Tecnoloxías Cirúrxicas Minimamente Invasivas (Tecmeva) atópase no edificio Tecnépole I, situado no Parque Tecnolóxico de Galicia. O edificio dispón de 240 metros cadrados para este centro, e é un centro de formación, investigación e innovación especializado no campo da cirurxía laparoscópica, onde dispoñen das infraestruturas necesarias para desenvolver novas técnicas cirúrxicas.

Tecmeva é unha infraestrutura que conta co equipamento e instrumental necesario para acoller cursos de formación en técnicas laparoscópicas convencionais e en 3D, realizar proxectos de investigación aplicada e actividades de transferencia de coñecemento no seu ámbito.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA ACHEGA MÁIS DE 170.000 EUROS ÁS HERMANAS HIJAS DE LA CARIDAD SAN VICENTE DE PAÚL

O convenio busca financiar os gastos derivados da execución de programas de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia destinados ás persoas con discapacidade

O Consello da Xunta de Galicia aprobou unha axuda de 173.000 euros ás Hermanas Hijas de la Caridad San Vicente de Paúl, que xestionan o centro de discapacidade de San Pablo e San Lázaro de Mondoñedo. Trátase dun convenio que busca axudar a financiar os gastos derivados da execución de programas de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia destinados ás persoas con discapacidade.

Deste xeito, aprobaranse acordos con colectivos por unha contía total de máis de 900.000 euros que permitirán o mantemento de iniciativas dirixidas a garantir a asistencia básica e o desenvolvemento das persoas con discapacidade intelectual, tratando de recuperar o máximo posible as capacidades de cada persoa e procurando a mellora da calidade de vida e da integración social e laboral.

A finalidade destes programas son a mellora das habilidades para solucionar as incidencias diarias, autocontrol das emocións e condutas, autonomía para resolver problemas, habilidades sociais, redución e eliminación de condutas desadaptadas, apoio a necesidades específicas e comunicación coas súas familias.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA PROGRAMA AS PRIMEIRAS CONVOCATORIAS DO FONDO DE TRANSICIÓN XUSTA PARA A PROVINCIA DA CORUÑA

- A Administración galega lanzará proximamente axudas a proxectos singulares que melloren a sustentabilidade enerxética no tecido empresarial por 9,6M€, a mesma contía que se prevé para incentivar a creación de centros dixitais que favorezan a implantación de novas tecnoloxías nos procesos produtivos
- Está previsto que este mesmo ano tamén se convoquen preto de 62M€ para unha nova liña que inclúe financiamento e axudas directas para a xeración de actividade económica e o mantemento e/ou creación de emprego
- En total a provincia coruñesa contará con 111,4M€ para unha decena de actuacións no eido da economía circular e a eficiencia enerxética; as enerxías renovables; o impulso das pemes e proxectos empresariais tractores; a transformación dixital empresarial; así como no aspecto social, e da formación, cualificación e inserción laboral das persoas traballadoras

O Consello da Xunta avanzou, na súa reunión desta mañá, no desenvolvemento do programa do Fondo de Transición Xusta co obxectivo de poder convocar as primeiras iniciativas e que estas axudas cheguen canto antes ao tecido empresarial e ofrezan novas oportunidades no eido laboral.

A Coruña é beneficiaria, xunto con outras sete provincias españolas, do Fondo de Transición Xusta, e conta cunha asignación financeira de 111,4M€. Cómpre lembrar que a previsión inicial era activar estas axudas o ano pasado, pero o Goberno español non acadou o visto bo da Comisión Europea ata finais de decembro, data na que se aprobaron o Plan Territorial de Transición Xusta de España e o Programa de Transición Xusta de España 2021-2027.

Na actualidade, aínda existen unha serie de criterios pendentes de pechar por parte do Estado español coa Comisión Europea, como son as axudas a grandes empresas e a instalación ETS (suxeitas ao comercio de dereitos de emisións) baixo determinadas condicións. Nestes casos, a Comisión Europea quere aprobar os proxectos concretos que se vaian financiar.

Por este motivo, para evitar retrasos nas concesións de axudas a pemes, a Administración autonómica adaptou as súas liñas para deseñar convocatorias específicas dirixidas a grandes empresas e instalación ETS, recollendo nas bases a condición de que os proxectos beneficiarios teñen que ser aprobados pola Comisión Europea.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta de Galicia -a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, xunto coas consellerías de Facenda e de Promoción do Emprego e Igualdade- xa avaliou en dúas ocasións as súas propostas no marco do Consello Galego de Economía e Competitividade, a canle directa na que desde o diálogo e o consenso se estudan os grandes proxectos para Galicia. Deste xeito, xa se identificaron unha decena de liñas de actuación no eido da economía circular e eficiencia enerxética; enerxías renovables; impulso das pemes e proxectos empresariais tractores; transformación dixital empresarial; así como no aspecto social, e da formación, cualificación e inserción laboral das persoas traballadoras.

Para lanzar as convocatorias o antes posible, a Administración galega xa remitiu ao Goberno as primeiras liñas. En concreto, a actuación destinada ao impulso de proxectos singulares de mellora da sustentabilidade enerxética en empresas industriais da provincia da Coruña (9,6M€). Neste caso, apoiaranse proxectos de aforro e eficiencia enerxética en pequenas e medianas empresas, así como proxectos que impliquen unha redución de alomenos o 30 % dos gases de efecto invernadoiro, dirixido tanto a pemes como a grandes empresas tractoras.

Por outra banda, convocarase un programa de incentivos para a creación de centros dixitais que favorezan a implantación de novas tecnoloxías nos procesos produtivos, tamén por 9,6 millóns de euros. Deste xeito, contribuirase á modernización e o desenvolvemento da base industrial a través de proxectos que inclúan, entre outras iniciativas, a monitorización de instalacións ou o almacenamento de datos e a accesibilidade aos mesmos.

Préstamos e axudas directas

Este ano tamén está previsto que se convoquen os apoios que recollen a maior contía destes fondos: 61,9M€ para a xeración de actividade económica do tecido empresarial e o mantemento e/ou creación de emprego. Trátase dunha fórmula innovadora en Galicia que recolle ao mesmo tempo tanto financiamento como axudas directas -préstamos parcialmente reembolsables-.

A través do Fondo tamén se contempla a creación de recursos de fomento da inserción laboral orientados ás problemáticas das persoas desempregadas de empresas afectadas polo peche das centrais térmicas de Meirama (Cerceda) e As Pontes; así como a creación dun centro de formación especializada en novas ocupacións profesionais vinculadas á transición dixital e verde.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outra das medidas programadas pola Xunta de Galicia, tal e como xa informou onte mesmo o presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, será a publicación dunha orde de axudas para a implantación de centros de fabricación de compoñentes de enerxías renovables e almacenamento enerxético (4M€).

En definitiva, este fondo ten como obxectivo mitigar os efectos negativos da transición climática prestando apoio aos territorios máis prexudicados, así como aos traballadores afectados, e promover unha transición socioeconómica equilibrada.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ULTIMA OS TRÁMITES PARA APROBAR O NOVO DECRETO DE SANIDADE MORTUORIA

- Entre as novidades que recolle, destaca a posibilidade de eximir do uso de féretro para enterramento naqueles casos en que, por razóns de confesionalidade, así se demande, e logo de conformidade da entidade titular do cemiterio en que se vaia inhumar
- No momento en que se aprobe, a nova normativa substituirá o Decreto 151/2014, mellorando aspectos técnicos da regulación para adaptalos aos requirimentos sociais e técnicos existentes, simplificando as tramitacións administrativas e incorporando as determinacións da Guía consensuada aprobada no Sistema nacional de saúde

A Xunta de Galicia ultima os trámites para aprobar o novo decreto de sanidade mortuoria da Comunidade galega. Así, a Consellería de Sanidade trasladou esta mañá ao Consello da Xunta de Galicia o informe do envío ao Consello Consultivo para o seu ditame. Unha vez aprobada esta normativa, substituirá o Decreto 151/ 2014, que é o que regulaba ata o de agora a sanidade mortuoria en Galicia e a creación do censo de empresas e establecementos funerarios de Galicia.

Logo destes anos de vixencia da anterior normativa, a súa aplicación puxo de manifesto a conveniencia de abordar a modificación da regulación de certos aspectos que a realidade diaria, a experiencia práctica e a evolución do sector puxeran de manifesto. Xunto ao anterior, con data do 4 de abril de 2017, o Pleno do Parlamento de Galicia aprobou unha proposición non de lei en que se instaba á Xunta a modificar o decreto vixente para regular aqueles enterramentos que, por motivos confesionais, se teñan que realizar en contacto coa terra. Nesta liña, a nova regulación recolle posibilidade de eximir do uso de féretro para enterramento naqueles casos en que, por razóns de confesionalidade, así se demande e logo de conformidade da entidade titular do cemiterio en que se vaia inhumar. Esta modificación facilitará a realización de enterramentos polos ritos musulmán ou xudeu en territorio galego, tal e como a Xunta xa informou a representantes destas comunidades.

A nova regulación ten por obxecto, tamén, reducir o control administrativo preexistente para substituílo por unha intervención máis limitada, centrada naqueles aspectos exclusivamente sanitarios derivados da actividade funeraria, mantendo, en todo caso, un alto nivel de protección da saúde pública.

Faise tamén un recoñecemento competencial expreso ás administracións locais, como provedoras dos servizos públicos primarios á poboación, entre os que se inclúen os cemiterios e as actividades funerarias.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, a Comisión de Saúde Pública constituída no Sistema nacional de saúde acordou a creación dun grupo de traballo formado por representantes das comunidades autónomas e coordinado polo Ministerio de Sanidade para a elaboración dunha guía de consenso de sanidade mortuoria. En consecuencia, este novo decreto incorpora gran parte das determinacións da guía consensuada.

Ademais, modifícanse os tempos mínimos exixidos dende o falecemento para poder realizar prácticas sanitarias sobre o cadáver, así como a redución a 12 horas do prazo mínimo para poder dar o destino final a un cadáver sempre que dispoña da correspondente licenza de enterramento.

Incorpórase tamén un capítulo relativo ao procedemento de regularización de cemiterios preexistentes, que na regulación anterior se recollía como un procedemento extraordinario e que pasa a ser unha vía permanente e necesaria para facilitar a legalización dos numerosos cemiterios que na actualidade non cumpren os trámites administrativos exixidos pola normativa.

Modifícase, tamén, o procedemento para o enterramento en lugares especiais, eliminando a autorización sanitaria para aqueles xa existentes e, no caso dos de nova construción, atribúeselles aos concellos a competencia necesaria para a concesión das oportunas licenzas.

Regulación de crematorios e censo de empresas funerarias

Outro aspecto importante é a regulación dos crematorios, cuxa instalación se prevé preferentemente en solos de uso industrial, de conformidade coas normas municipais da planificación urbanística, nun edificio independente e exclusivo para servizos funerarios e actividades complementarias que sirva para a mellor prestación do servizo. Establécese un raio de 200 metros contados dende o foco da emisión que constitúe a cheminea do crematorio, en que non deberá haber zonas residenciais, residencias da terceira idade, centros sanitarios, centros educativos, parques infantís, instalacións deportivas ou outros edificios ou instalacións con características similares.

Ademais do sinalado, introdúcese por primeira vez a creación dun censo de empresas e establecementos funerarios de Galicia, en que se inscribirán mediante declaración responsable as empresas funerarias, tanatorios, velorios e crematorios que teñan a súa razón social na Comunidade galega.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA